



## ACTA NÚM. 1

**Comisión de Selección para a provisión, mediante contratación por obra ou servizo de duración determinada, dunha persoa con titulación superior universitaria (Técnico/a I) para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado CONECTASOUTO-PLUS (Referencia IN852A 2016/116)**

### ASISTENTES

Presidente: Gonzalo Flores Calvete

Vogal 1º: Thierry Dagnac

Secretario: César Resch Zafra

No Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo-A Coruña), sendo as 10 horas do día 31 de maio de 2018, constitúese a comisión que cualificará o proceso selectivo para a provisión, mediante contratación por obra ou servizo de duración determinada, dunha persoa con titulación superior universitaria (Técnico/a I) para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado CONECTASOUTO-PLUS (Referencia IN852A 2016/116). A comisión de selección foi nomeada por Resolución da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, INGACAL, do 11 de maio 2018, e asisten as persoas antes relacionadas, coa seguinte orde do día:

- Punto primeiro.- Lectura e entrega por parte do/a Secretario/a aos membros da comisión das instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección.
- Punto segundo.- Lectura e entrega das bases da convocatoria.
- Punto terceiro.- Constitución da Comisión.
- Punto cuarto.- Avaliación da documentación presentada polos aspirantes no proceso selectivo e elaboración das listas de persoas admitidas e excluídas
- Punto quinto.- Fixar a data de celebración da proba práctica.

Unha vez examinada a documentación achegada polas persoas participantes no proceso selectivo, en cumprimento do disposto nas Bases da convocatoria, esta Comisión



ACORDA:

- 1.- Elaborar a listaxe de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo (ANEXO I).
- 2.- Dado que non hai aspirantes excluídos, en aplicación do disposto no apartado 7 das bases da convocatoria se eleva a definitiva a resolución coa listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo (ANEXO II).
- 3.- Convocar ás persoas admitidas á realización da proba práctica de coñecemento que terá lugar no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Abegondo-a Coruña) o mércores día 6 de xuño de 2018, ás 10 h. De conformidade co estipulado no apartado 8.3.1 das Bases da convocatoria, as persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza e deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo da Comisión de Selección. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para sinalar as respostas do test.

En Sergude (Boqueixón) a 31 de maio de 2018

O presidente

Asdo: Gonzalo Flores Calvete

O secretario

Asdo: César Resch Zafra



**ANEXO I.- Relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos**

**RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
PEREIRA CRESPO	MARÍA SONIA	44084574Z

**RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS**

**Non hai aspirantes excluídos**



**ANEXO II.- Relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos**

**RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
PEREIRA CRESPO	MARÍA SONIA	44084574Z

**RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS**

**Non hai aspirantes excluídos**